

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE DEBUXO

materia	<b>ED. PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL 4 ESO</b>
centro educativo	I.E.S. MARCO DO CABBALLÓN – VILA DE CRUCES
curso	2022 - 23

## 1.- ÍNDICE

1	ASPECTOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN	3
2	CONCEPTOS CLAVE DA PROGRAMACIÓN	4
3	CONTEXTO Características do centro e do alumnado. Obxectivos adaptados ao contexto	5
4	CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	7
5	SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN Educación plástica e visual 1 Educación plástica e visual 3 Educación plástica e visual 4	13
6	RELACIÓN ENTRE ASPECTOS CURRICULARES EN CADA UNIDADE DIDÁCTICA Educación plástica e visual 1 Educación plástica e visual 3 Educación plástica e visual 4	15
7	METODOLOXÍA DIDÁCTICA Estratexias metodolóxicas Outras decisións metodolóxicas: agrupamentos, tempos, espazos, materias, recursos	20
8	AVALIACIÓN AVALIACIÓN INICIAL Procedemento para a avaliación inicial Criterios para a acreditación de coñecementos previos, no seu caso. (Bacharelato) AVALIACIÓN CONTÍNUA E FINAL Procedemento para a avaliación continua Temporalización das entregas Criterios de cualificación Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula? Criterios de recuperación Que criterios segue o centro para a promoción? MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes Criterios de cualificación	23
9	OUTRAS AVALIACIÓNS AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE Indicadores de logro da planificación e do proceso de ensino Indicadores de logro da práctica docente AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA Indicadores de logro sobre a programación didáctica	28
10	ATENCIÓN Á DIVERSIDADE Medidas ordinarias: organizativas e curriculares Medidas extraordinarias: organizativas e curriculares	31
11	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES Referencia ás actividades complementarias e extraescolares recollidas na PXA.	33
12	DATOS DO DEPARTAMENTO	34
13	RELACIÓN COA RESOLUCIÓN DO 27/07/2015 (DOG 29)	35
14	ANEXO: ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN AO ENSINO NON PRESENCIAL	36

## 1.- ASPECTOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN

Esta programación baséase no seguinte marco normativo:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) .
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015-2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

## 2.- CONCEPTOS CLAVE (Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015))

Desenvolvemento curricular	2ª nivel de planificación curricular. Elabora e revisa a CCP. Aproba o Claustro. Inclúese no PE
Programacións didácticas	3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos
Programación de aula	4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.
Programación didáctica	Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1.- Que, cando e como ensinar / 2.- Que, cando e como avaliar / 3.- Como atender á diversidade
Criterios de avaliación	Son os que deben servir de referencia par valorar o que o alumno sabe e sabe facer en cada área/materia. Desglósanse en estándares
Estándares de aprendizaxe	Especifican os criterios de avaliación concretando o que alumno debe comprender, saber e saber facer Pretenden graduar o rendemento ou o logro acadado. Deben ser observables, medibles e avaliábeles. Poden concretarse a través dos indicadores de logro

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Indicadores de logro	Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación do dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica. <b>(O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica)</b>
Grao de consecución dun estándar	Serve para sinalar o <b>grao mínimo de consecución</b> esixible dun estándar para superara a materia <b>(Artº 13º, 3d da Resolución 27/7/2015)</b> (Canto maior sexa o grao esixido de consecución máis imprescindible se considera o estándar)
Estándares imprescindibles	Son os estándares mínimos esixibles para superar un área. O seu grao de adquisición debería estar en torno ao 100%. <b>(Galicia non os menciona)</b>
Criterios de cualificación e instrumentos	Serven para ponderar o <b>"o valor"</b> que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avalialo achega a ese valor.
Procedementos e instrumentos	Foron fiixados no Proxecto curricular do Ministerios en 1992. Habería que engadir as Rúbricas ou escalas e os Portfolios. <b>"Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente"</b> (Ver artº 7º, 6, terceiro parágrafo, da Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015))
Rúbrica	Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia
Portfolio	Achega de producións dun alumno/a

### OUTROS ASPECTOS

Graduación dos estándares	Para identificar o progreso dos mesmos ao longo dunha etapa
Perfil de área	Conxunto de estándares que ten unha materia. Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo <b>(Ver artº 5º, 6 Orde ECD 65/2015)</b>
Perfil competencial	Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave <b>(Ver artº 5º, 7 Orde ECD 65/2015)</b>
Avaliación das competencias	<b>"A avaliación do grao de adquisición das completencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores"</b> <b>(Artº 7º, 3 da Orde ECD 65/2015)</b>
Nivel de desempeño das competencias.	<b>... "Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación ... que teñan en conta á atención á diversidade (Art 7º, 4 da Orde ECD/65/2015)</b>

<b>Tarefa</b>	É a acción ou conxunto de accións orientadas á resolución dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñibles para elaborar un produto relevante. As tarefas integran actividades e exercicios.
<b>Identificación de contidos e criterios</b>	<b>Exemplo: B1.1 : B1:</b> Bloque de contido / <b>1:</b> Número de contido dun bloque
<b>Identificación de estándares</b>	<b>Exemplo: EPVAB1.2 .1</b> <b>EPVA:</b> Abreviatura da área: Educación plástica e visual <b>B1.</b> Bloque de contidos do que xorde o estándar <b>2.</b> Número do criterio de avaliación que orixina o estándar <b>1.</b> Número de estándar dun determinado criterio de avaliación.

### 3.- CONTEXTO

#### 3.1 CONTEXTO DO CENTRO

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO
<p><b>Situación:</b>  O IES Marco do Camballón está situado no concello de Vila de Cruces (Pontevedra), na saída da vila en dirección a Lalín.</p> <p><b>Personas e alumnado do centro:</b>  Conta con entre 240-250 alumnas e alumnos matriculados, 40 profesoras e profesores, unha administrativa, 3 limpadoras e 2 bedeis, 1 coidadora e 1 auxiliar de conversa.</p> <p><b>Características físicas do centro:</b>  Foi construído no ano 1998 e, a pesar de ser relativamente novo, presenta problemas en relación coas súas infraestruturas: humidades e goteiras, deficiente illamento térmico (con zonas moi sombrías e frías), deterioro dalgunhas zonas por incidencias meteorolóxicas, carencia dun salón de actos...</p> <p>En canto ás dependencias do centro, están concentradas nun edificio situado nun terreo en declive, que consta de catro plantas estruturadas en terrazas que se apoian nunha construción horizontal. Na planta baixa sitúanse o ximnasio, novas instalacións do ciclo de APSD, a cafetería, os comedores (da cafetería e do alumnado) e a entrada á vivenda do conserxe; na 1ª encóntranse os despachos de Administración, Secretaría, Dirección e Orientación, ademais dos talleres de Soldadura, aula de tecnoloxía, aula de plástica e outras aulas ordinarias; na 2ª planta, ademais de aulas ordinarias, están os laboratorios, a aula Manuel Dobarro (con funcións de aula de usos múltiples), a biblioteca, unha aula de informática, conserxería e dúas salas de profesorado (unha grande e outra pequena); finalmente, a 3ª está destinada a aulas ordinarias, ademais de dúas de informática.</p> <p><b>Centros adscritos:</b>  O centro conta con tres centros adscritos, todos do concello de Vila de Cruces, pero ubicados en diferentes núcleos de poboación: CEIP Nosa Señora da Piedade (Vila de Cruces), CEIP de Cerdeiriñas (Piloño) e CEIP de Merza.</p> <p><b>Ensinanzas que oferta o centro:</b>  O centro oferta na actualidade dúas modalidades de bacharelato (Ciencias e mais Humanidades e Ciencias sociais), formación profesional básica de Servizos Administrativos, ciclo formativo de grao medio na especialidade de Soldadura e Caldeirería (2000 horas) e ciclo formativo de grao medio na especialidade Atención a persoas en situación de dependencia (2000 horas).</p> <p>As materias que se imparten en cada curso en galego ou castelán están concretadas no Proxecto Lingüístico de Centro. Ademais, o centro fomenta a competencia plurilingüe do alumnado coa oferta de seccións bilingües de inglés en 1º de ESO (Educación física), 2º de ESO (Educación física e Matemáticas) e 3º de ESO (Educación física e Matemáticas).</p> <p><b>Características singulares:</b>  A Escola Municipal de Música conta cunha matrícula elevada debido, sobre todo, á gran tradición musical da zona, que conta con dúas bandas de música: Unión Musical de Ponteledesma e Banda Artística de Merza, sendo esta última unha das bandas populares máis antigas de Galicia.</p> <p>A vila conta ademais co Club de Loita Keltói Cruces, que goza de deportistas gañadores de premios nacionais e internacionais, e mesmo agúns deses loitadores son integrantes na selección española de loita.</p>

## CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

### Lingua materna dominante:

A lingua materna dominante no centro é o galego.

### Problemas sociais destacados (abandono escolar, poboación emigrante, absentismo, violencia e/ou acoso escolar):

Casos illados de alumnado con familias desestruturadas e en situación socioeconómica desfavorecida, que adoitan estar asociados a problemas educativos.

### Outras características:

O alumnado de ESO e bacharelato reside, case na súa totalidade, no propio concello, pero tanto o dos ciclos como o profesorado procede de distintas partes de Galicia. Vila de Cruces é un concello extenso (28 parroquias), cunha poboación escasa e diseminada (5556 habitantes en 2015), que continúa descendendo e avellentándose (51,8 anos de idade media en 2015). O seu PIB por habitante é bastante inferior á media galega: 12714€ fronte a 19748€ (IGE, 2012).

Por outra parte, o perfil dos ciclos que se ofertan e a situación socioeconómica xeral conlevaron un aumento considerable no número de alumnado maior de idade, o que está supoñendo un cambio importante para o instituto.

### 3.2 OBXECTIVOS (adaptados ao contexto do centro e do alumnado)

a	Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
b	Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
c	Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
d	Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
e	Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f	Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
g	Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
h	Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
i	Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
l	Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
m	Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
n	Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
ñ	Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
o	Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

#### 4.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave son as capacidades para aplicar de xeito integrado aos contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos. As determinadas no currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato para Galicia son: Comunicación lingüística (CCL), Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT), Competencia dixital (CD), Aprender a aprender (CAA), Competencias sociais e cívicas (CSC), Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e Conciencia e expresións culturais (CCEC).

No propio currículo, xa se inclúen en cada materia referencias explícitas acerca da súa contribución a aquelas competencias clave ás que se orienta en maior medida. No caso da materia de Educación Plástica e Visual a competencia que predomina é a competencia en conciencia e expresión culturais (CEC), que implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e desfrute persoal e considéralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Esta competencia incorpora tamén unha compoñente expresiva referida á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras comunidades.

No epígrafe 6 desta programación: “Relacións entre aspectos curriculares en cada unidade didáctica” especificanse as competencias que se traballan e avalían en relación a cada estándar de aprendizaxe, así como a súa relación cos obxectivos de etapa, cos temas transversais, etc.

Por outra parte, imos traballar a nivel de centro as competencias CSC, CAA, CCEC e CD, valorando os estándares transversais asociados a ditas competencias cunha rúbricas común a todos os departamentos. Na nosa materia seleccionamos os estándares transversais de cada curso que se relacionan máis directamente con estas competencias e avaliáremos mediante ditas rúbricas, que foron aprobada na CCP:

Deseguido figuran os estándares asociados e mais a citada rúbrica:

#### EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL - ESTÁNDARES ASOCIADOS Á CSC

<b>4º de ESO</b>
O DCB non asocia ningún dos estándares de aprendizaxe deste nivel coa CSC



## RÚBRICA COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA

	EXCELENTE (2-1,5 puntos)	SATISFACTORIO (1,5-1 puntos)	BÁSICO (1-0,5 puntos)	ESCASO (0,5-0 puntos)	NOTA
<b>Harmonía coas compañeiras e compañeiros</b>  (2 puntos)	<b>Sempre</b> traballa con tolerancia e de bo grao con calquera das compañeiras e compañeiros. <b>Nunca</b> mostra actitudes sexistas nin discriminatorias. <b>Nunca</b> usa linguaxe sexista e/ou discriminatoria. <b>Sempre</b> respecta a diversidade.	<b>Case sempre</b> traballa con tolerancia e de bo grao con calquera das compañeiras e compañeiros. <b>Case nunca</b> mostra actitudes sexistas nin discriminatorias . <b>Case nunca</b> usa unha linguaxe sexista e/ou discriminatoria e, se o fai, autocorríxese. <b>Case sempre</b> respecta a diversidade.	<b>Ás veces</b> traballa con tolerancia e de bo grao cos compañeiros/os pero prefire traballar só con parte deles/as. <b>Ás veces</b> mostra actitudes sexistas e/ou discriminatorias. <b>Ás veces</b> usa unha linguaxe sexista e/ou discriminatoria pero trata de autocorririrse. <b>Ás veces</b> respecta a diversidade.	<b>Ten dificultades</b> para traballar con todos ou case todos os seus compañeiros/as. <b>Con frecuencia</b> mostra actitudes sexistas e/ou discriminatorias. <b>Con frecuencia</b> usa unha linguaxe sexista e/ou discriminatoria e non trata de autocorririrse. <b>Nunca ou case nunca</b> respecta a diversidade.	
<b>Interese e coidado do material</b>  (2 puntos)	<b>Sempre</b> participa activamente nas actividades propostas. <b>Sempre</b> se interesapor manter en boestado o material, propio e alleo, e respecta as normas de uso.	<b>Case sempre</b> participa activamente nas actividades propostas. <b>Case sempre</b> se interesapor manter en bo estado o material, propio e alleo, e respecta as normas de uso.	<b>Ás veces</b> participa activamente nas actividades propostas. <b>Ás veces</b> interésasepor manter en boestado o material, propio e alleo, e respecta as normas de uso.	<b>Nuncaou case nunca</b> participaactivamente nas actividades propostas. <b>Ten dificultades</b> para manter en boestadoo material, propio e alleo, e para respectar as normas de uso.	
<b>Utilización de valores</b>  (2 puntos)	<b>Sempre</b> é solidario/aeofrece a súa axuda cando alguén a necesita. <b>Sempre</b> cumpreasnormasporque comprende a súa importancia para evitar conflitos e, se os hai, sempre se involucra na súa solución. <b>Sempre</b> adopta, por iniciativa propia, actitudes de respecto e coidado do medioambiente. <b>Sempre</b> aplica hábitos de hixiene e saúde.	<b>Case sempre</b> é solidario/ae adoitaofrecer a súa axuda cando alguén a necesita. <b>Case sempre</b> cumpre as normas para evitar conflitos e, se os hai, adoita involucrarse na súa solución. <b>Case sempre</b> adopta, por iniciativa propia, actitudes de respecto e coidado do medio ambiente. <b>Case sempre</b> aplica hábitos de hixiene e saúde.	<b>Ás veces</b> é solidario/ae ofrece a súa axuda cando alguén a necesita. <b>Ás veces</b> noncumpre as normas, pero se hai conflitos trata de involucrarse na súa solución. <b>Ás veces</b> adopta, por iniciativa propia, actitudes de respecto e coidado do medio ambiente. <b>Ás veces</b> aplica hábitos de hixiene e saúde.	<b>Nunca ou case nunca</b> é solidario/ae tendificultades para ofrecer a súa axuda cando alguén a necesita <b>Nunca ou case nunca</b> respecta as normas e non adoita involucrarse na solución dos conflitos. <b>Nunca ou case nunca</b> adoptaactitudes de respecto e coidado do medio ambiente. <b>Nunca ou case nunca</b> aplica hábitos de saúde e hixiene.	
<b>Participación no grupo</b>  (2 puntos)	<b>Sempre</b> participa activamente no traballo en grupo, implicase na organización, achega ideas e traballa colaborativamente. <b>Sempre</b> admite e respecta todas as opinións e axuda a resolver conflitos se os hai. <b>Sempre</b> respecta as quendas.	<b>Case sempre</b> participa no traballo en grupo, adoita implicarse na organización, achegar ideas e traballar colaborativamente. <b>Case sempre</b> admite e respecta as opinións e axuda a resolver conflitos se os hai. <b>Case sempre</b> respecta as quendas.	Participa no traballo en grupo pero só <b>ás veces</b> se implica na organización, achega ideas e traballa colaborativamente. Só <b>ás veces</b> admite e respecta as opinións ou parte delas e cústalle axudar a resolverconflitos se os hai. Só <b>ás veces</b> respecta as quendas.	<b>Nunca ou case nunca</b> participa no traballo en grupo nin se implica na organización nin achega ideas nin traballa colaborativamente. <b>Nunca ou case nunca</b> admiteninrespecta as opinións nin axuda a resolverconflitos. <b>Nunca ou case nunca</b> respecta as quendas.	
<b>Responsabilidade</b>  (2 puntos)	<b>Sempre</b> cumpre cos prazos marcados e realiza todas as tarefas. <b>Sempre</b> é responsableá hora de traer o materialnecesario.	<b>Case sempre</b> cumpre cos prazos marcados e realiza todas as tarefas. <b>Case sempre</b> é responsable á hora de traer o material necesario.	<b>Ás veces</b> nonrespecta os prazos, pero realiza a maioría das tarefas. <b>Ás veces</b> non é responsable á hora de traer o material necesario.	<b>Nunca ou case nunca</b> respecta os prazos nin realiza a maioría das tarefas. <b>Nunca ou case nunca</b> trae o materialnecesario.	
ALUMNO/A:				NOTA:	

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL - ESTÁNDARES ASOCIADOS Á CAA POR NIVEIS

4º de ESO
EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.

RÚBRICA DA COMPETENCIA APRENDER A APRENDER

	<b>EXCELENTE</b> (2,5-2 puntos)	<b>SATISFACTORIO</b> (2-1,5 puntos)	<b>BÁSICO</b> (1,5-1 puntos)	<b>ESCASO</b> (1-0 puntos)
<b>Esforo e actitude</b> (2,5 puntos)	Sempre amosa capacidade de atención, concentración e memoria. Sempre se interesa polas actividades da clase. Sempre amosa curiosidade, motivación e esforzo na comprensión de conceptos.	Case sempre amosa capacidade de atención, concentración e memoria. Case sempre se interesa polas actividades da clase. Case sempre amosa bastante curiosidade e motivación. Xeralmente esfórzase na comprensión de conceptos.	Ás veces perde a atención, desconcéntrase e/ou cóustalle memorizar. Ás veces interésase polas actividades da clase. Ás veces amosa certa curiosidade e/ou motivación. Só se esforza ás veces na comprensión de conceptos.	Nunca ou case nunca presta atención, perde a concentración con frecuencia e cóustalle moito memorizar. Nunca ou case nunca se interesa polas actividades da clase. Nunca ou case nunca amosa curiosidade nin se esforza na comprensión de conceptos.
<b>Organización e planificación</b> (2,5 puntos)	Sempre organiza e planifica axeitadamente as súas tarefas e distribúe ben os tempos. Sempre salienta nos traballos os aspectos esenciais fronte aos secundarios.	Case sempre organiza e planifica as súas tarefas, pero ás veces ten que redistribuír os tempos. Case sempre salienta nos traballos os aspectos esenciais fronte aos secundarios.	Ás veces comete erros na organización e planificación das súas tarefas e ten dificultades coa adecuada distribución dos tempos. Ás veces cóustalle diferenciar nos traballos os aspectos esenciais dos secundarios.	Nunca ou case nunca organiza nin planifica as súas tarefas e case sempre ten problemas coa distribución dos tempos. Nunca ou case nunca destaca nos traballos os aspectos esenciais fronte aos secundarios.
<b>Estratexias e xestión da aprendizaxe</b> (2,5 puntos)	Sempre selecciona adecuadamente as técnicas de estudo e as estratexias de resolución de exercicios ou problemas para obter o máximo rendemento. Sempre analiza, organiza e sintetiza conceptos e infire conclusións. É capaz de elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumos axeitados para avanzar na aprendizaxe.	Case sempre selecciona adecuadamente as técnicas de estudo e as estratexias de resolución de exercicios ou problemas para obter un rendemento satisfactorio. Sempre analiza, organiza e sintetiza conceptos e case sempre infire conclusións. Case sempre é capaz de elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumos axeitados para avanzar na aprendizaxe.	Coñece distintas técnicas de estudo e estratexias de resolución de exercicios ou problemas, pero ás veces non as selecciona con acerto. Ás veces ten dificultades para analizar, organizar e sintetizar conceptos. Con frecuencia precisa axuda para inferir conclusións e elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumos que lle permitan avanzar na aprendizaxe.	Non aplica distintas técnicas de estudo e estratexias de resolución de exercicios ou problemas ou faino sempre de xeito errado. Case nunca ou nunca é quen de sintetizar e organizar conceptos nin inferir conclusións. Non é capaz de elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumos que lle sirvan para avanzar na aprendizaxe.
<b>Autonomía e capacidade de autoavaliación</b> (2,5 puntos)	Sempre avalía criticamente as súas producións e o proceso seguido para melloralas. Sempre utiliza os recursos ao seu alcance para documentarse sobre o que descoñece ou como apoio/ampliación para realizar as tarefas.	Case sempre avalía satisfactoriamente as súas producións e o proceso seguido para melloralas. Case sempre usa os recursos ao seu alcance para documentarse sobre o que descoñece ou como apoio para realizar as tarefas.	Ás veces avalía as súas producións pero só ocasionalmente obtén conclusións para melloralas. Ás veces usa algúns dos recursos que ten ao seu alcance como apoio para realizar as tarefas.	Nunca ou case nunca avalía as súas producións. Nunca ou case nunca usa os recursos que ten ao seu alcance para documentarse nin como apoio para realizar as tarefas.

## EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL - ESTÁNDARES ASOCIADOS Á CCEC POR NIVEIS

<b>4º de ESO</b>
EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.
EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.

### RÚBRICA DA COMPETENCIA CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)

	<b>EXCELENTE</b> (2,5-2 puntos)	<b>SATISFACTORIO</b> (2-1,5 puntos)	<b>BÁSICO</b> (1,5-1 puntos)	<b>ESCASO</b> (1-0 puntos)
<b>Respecto pola cultura</b> (2,5 puntos)	<p>Sempre mostra interese e respecto por diferentes manifestacións artísticas e culturais.</p> <p>Sempre amosa interese pola conservación do patrimonio e implicase activamente cando corresponde.</p>	<p>Case sempre mostra interese e respecto por diferentes manifestacións artísticas e culturais.</p> <p>Case sempre amosa interese pola conservación do patrimonio e é doado conseguir que se implique nesta tarefa.</p>	<p>Ás veces mostra interese e respecto por diferentes manifestacións artísticas e culturais.</p> <p>Ás veces amosa interese pola conservación do patrimonio, pero non adoita implicarse nesta tarefa.</p>	<p>Nunca ou case nunca mostra interese e /ou respecto por diferentes manifestacións artísticas e culturais.</p> <p>Non lle dá ningunha importancia á conservación do patrimonio.</p>
<b>Goce da cultura</b> (2,5 puntos)	<p>Sempre goza coas diferentes manifestacións culturais e artísticas, enténdelas como parte do desenvolvemento do pensamento e como unha riqueza e patrimonio dos pobos.</p> <p>Aprecia as manifestacións artístico-culturais cotiás como arquitectura, vivenda, moda, folclore etc.</p>	<p>Case sempre goza coas manifestacións culturais e artísticas, enténdelas como parte do desenvolvemento do pensamento e como unha riqueza e patrimonio dos pobos.</p> <p>Case sempre aprecia manifestacións artístico-culturais cotiás como arquitectura, vivenda, moda, folclore etc.</p>	<p>Ás veces goza con algunhas manifestacións culturais e artísticas, pero non as entende como parte do desenvolvemento do pensamento nin como unha riqueza e patrimonio dos pobos.</p> <p>Só ás veces aprecia algunhas manifestacións artístico-culturais cotiás.</p>	<p>Nunca ou case nunca goza coas manifestacións culturais nin as considera importantes no desenvolvemento do pensamento nin como riqueza dos pobos.</p> <p>Nunca ou case nunca aprecia manifestacións artístico-culturais cotiás.</p>
<b>Participación</b> (2,5 puntos)	<p>Sempre participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade.</p>	<p>Case sempre participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade.</p>	<p>Ás veces participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade.</p>	<p>Nunca ou case nunca participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade.</p>
<b>Habilidades creativas</b> (2,5 puntos)	<p>Ten unha grande iniciativa e creatividade para expresarse a través de diferentes códigos artísticos e empregar distintos materiais e técnicas no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas.</p>	<p>Ten iniciativa e bastante creatividade para expresarse a través de diferentes códigos artísticos e empregar distintos materiais e técnicas no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas.</p>	<p>Ten iniciativa suficiente e unha creatividade básica para expresarse a través dalgúns códigos artísticos e empregar algúns materiais e técnicas no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas.</p>	<p>Non ten iniciativa nin creatividade para expresarse a través dalgún código artístico e/ou empregar algún material e técnica no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas.</p>

## EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL - ESTÁNDARES ASOCIADOS Á CD POR NIVEIS

<b>4º de ESO</b>
EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.
EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación

### RÚBRICA DA COMPETENCIA DIXITAL

	EXCELENTE (2,5-2 puntos)	SATISFACTORIO (2-1,5 puntos)	BÁSICO (1,5-1 puntos)	ESCASO (1-0 puntos)
<b>Fontes de información</b>  (2,5 puntos)	<p><b>Procura</b> información na rede demostrando <b>habilidade</b> no seu filtrado.</p> <p><b>Extrae</b> a información precisa, escollendo con <b>criterio</b> o que realmente necesita.</p> <p><b>Procesa</b> a información e <b>manipúlaa</b> tratando de <b>evitar o copiado literal</b>.</p>	<p><b>Procura</b> información na rede pero ten certa <b>dificultade no seu filtrado</b>.</p> <p><b>Extrae</b> a información precisa, aínda que ás veces <b>necesita axuda</b>.</p> <p><b>Procesa</b> a información e <b>manipúlaa</b>, pero non se preocupa por <b>evitar o copiado literal</b>.</p>	<p><b>Procura</b> información na rede <b>de formaguada</b>.</p> <p><b>Non ten un criterio claro para extraer</b> a información precisa e necesita axuda constante.</p> <p>Fai una <b>manipulación</b> da información moi <b>básica e cópiaa</b> toda ou case toda <b>de xeito literal</b>.</p>	<p><b>Cústalle</b> moito a <b>procura</b> de información na rede aínda que sexa de forma guiada.</p> <p><b>Non é capaz de extraer</b> da información <b>datos</b> que precisa.</p> <p><b>Non manipula nin procesa a información</b>.</p>
<b>Capacidade para traballar coas TIC</b> (2,5 puntos)	<p><b>Cofece e usa aplicacións</b> informáticas <b>axeitadas</b> á tarefa para confeccionar, compartir e/ou presentar os seus traballos. Manéxaas con <b>destreza</b> e crea documentos de <b>calidade</b>.</p>	<p><b>Cofece e usa a maioría das aplicacións</b> informáticas axeitadas á tarefa para confeccionar, compartir e/ou presentar os seus traballos. Manexa a maioría delas con <b>bastante destreza</b> e crea documentos dixitais dunha <b>calidade aceptable</b>.</p>	<p><b>Cofece e usa só algunhas aplicacións</b> informáticas axeitadas para confeccionar, compartir e presentar os seus traballos. <b>Necesita bastante axuda</b> para manexalas e para que os documentos xerados sexan dunha <b>calidade mínima</b>.</p>	<p><b>Non cofece nin usa as aplicacións máis comúns</b> axeitadas á tarefa para confeccionar, compartir e presentar os seus traballos. <b>Necesita axuda constante</b> para o seu manexo e, mesmo de xeito guiado, produce documentos de <b>baixa calidade</b>.</p>
<b>Linguaxe específica</b> (2,5 puntos)	<p><b>Interpreta correctamente a simboloxía</b> propia das aplicacións informáticas, de modo que é capaz de iniciarse de forma <b>autónoma</b> no seu manexo.</p>	<p><b>Interpreta correctamente a simboloxía</b> propia das aplicacións informáticas, <b>pero precisa de axuda</b> para iniciarse no seu manexo.</p>	<p><b>Ten dificultades na interpretación da simboloxía</b> propia das aplicacións informáticas e presenta dificultades para desenvolverse con elas, precisando de axuda.</p>	<p><b>Non cofece a simboloxía</b> propia das aplicacións informáticas e non é quen de utilizalas correctamente aínda que sexa de forma guiada.</p>
<b>Respecto no uso de recursos dixitais</b> (2,5 puntos)	<p><b>Sempre inclúe</b> nas súas producións as referencias ás <b>fontes</b> utilizadas.</p> <p><b>Sempre respecta os principios legais e éticos</b> na utilización de fontes de información e/ou contidos, incluso ao compartilos nas redes sociais.</p>	<p><b>Case sempre inclúe</b> as referencias ás <b>fontes</b> utilizadas.</p> <p><b>Case sempre respecta os principios legais e éticos</b> na utilización de fontes de información e/ou contidos, incluso ao compartilos nas redes sociais.</p>	<p><b>Esquécese con frecuencia de</b> facer referencia ás <b>fontes</b> utilizadas.</p> <p><b>Hai que lembrarlle a cotío que respecte os principios legais e éticos</b> na utilización de fontes e/ou contidos.</p>	<p><b>Non fai referencias ás fontes</b> utilizadas.</p> <p><b>Non amosa interese polo respecto aos principios legais e éticos</b> na utilización de fontes e/ou contidos, incumpríndoos intencionadamente.</p>

## 5.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Aval.	Ud. Did.	Bloque	Contido	Temporalización	
				Mes	Sesiões
1	4	B2	B2.1. Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo.	Set. Out.	12
			B2.2. Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia.		
			B2.3. Tanxencias e enlaces.		
			B2.4. Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos.		
			B2.12. Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas.		
	5	B2	B2. 5. Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas.	Out. Nov.	18
			B2.6. Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico.		
			B2.7. Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.		
			B2.8. Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.		
			B2.9. Perspectiva cónica central.		
			B2.10. Perspectiva cónica oblicua.		
			B2.11. Análise das posibilidades da posición do punto de vista.		
B2.12. Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas.					
2	1	B1	B1.5. Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais.	Dec. Xan.	15
			B1.6. Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creación propias.		
			B1.7. Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio.		
			B1.8. Seguimento do proceso de creación: bosquexo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva).		
			B1.9. Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa.		
	6	B1	B1.1. A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística.	Feb. Mar.	15
			B1.2. Leis da composición.		
			B1.3. Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza.		
			B1.4. Cor como ferramenta simbólica.		
			B1.10. Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes.		
			B1.11. Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico.		
3	2	B3	B3.1. Análise das linguaxes visuais cotiás (arte, deseño, publicidade, etc.).	Abr. Mai.	15
			B3. 2. Fases do proceso de deseño.		
			B3.3. Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos.		
			B3.4. Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico.		
			B3.5. Campos de aplicación do deseño.		
			B3.6. Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos.		

3	B3	B3.7. Componentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc.	Mai. Xuñ.	15	x
		B3.8. Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño.			
		B3.9. Informática ao servizo dos proxectos de deseño.			
		B3.10. Planificación dun proxecto artístico.			x
	B4	B4.1. Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía.	Mai. Xuñ.	15	x
		B4.2. Realización dun storyboard.			x
		B4.3. Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine.			x
		B4.4. Criterios estéticos na elaboración de fotografías.			x
		B4.5. Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas.			x
		B4.6. Creación dixital de imaxes.			x
		B4.7. Deseño dun proxecto publicitario.			
		B4.8. Desenvolvemento dun proxecto persoal.			
		B4.9. Análise crítica da linguaxe publicitaria.			x

Bloques EPV 4		Unidades didácticas EPV 4	
B1	Expresión plástica	Ud. 1	Debuxo materiais e técnicas: o proceso creativo
B3	Fundamentos do deseño	Ud. 2	O deseño: forma e función
B4	Linguaxe audiovisual e multimedia	Ud. 3	Comunicación e linguaxe audiovisual
B2	Debuxo técnico	Ud. 4	A representación técnica (xeometría plana): cuadriláteros, polígonos regulares, tanxencias e enlaces
		Ud. 5	A representación técnica (sist. de represent.): vistas diédricas, axonometría e perspectiva cónica.
B1	Expresión plástica	Ud. 6	As claves da arte

## 6.- RELACIÓN ENTRE ASPECTOS CURRICULARES EN CADA UNIDADE DIDÁCTICA

EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL 4															
1ª AVALIACIÓN															
Ud. did.	Obx.	Ident. cont.	Ident. crit. aval.	Estándares de aprendizaxe (1)	Comp. clave	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación								Temas transv.	
						Grao mín.. cons.	Peso cualif.	Instrumentos							Obs.
								Prob. esc.	Trab. indiv.	Trab. grupo	Cada clase	Rúb. (2)			
4	b, f, g, n, o	B2.1. B2.2. B2.3. B2.4.	B2.1.	EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descriptivo do perceptivo.	CAA CMCCT	30%	2%		2%					CA	
				EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.	CAA CMCCT	30%	16,5%		14%	9%		2,5%	CA		
				EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.	CAA CMCCT	30%	16,5%		5%	9%		2,5%	CA		
				EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.	CAA CMCCT	30%	7,5%		5%			2,5%	CA		
	b, e, i, o	B2.12.	B2.3.	EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.	CAA CMCCT	30%	7,5%		5%				2,5%	CA, TIC	
5	b, f, g, o	B2.5. B2.6. B2.7. B2.8. B2.9. B2.10. B2.11.	B2.2.	EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.	CAA CMCCT	30%	13%		5%	5,5%			2,5%	CA	
				EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.	CAA CMCCT	30%	13,25%		5%	5,75%		2,5%	CA		
				EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.	CAA CMCCT	30%	13,25%		5%	5,75%		2,5%	CA		
				EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.	CAA CMCCT	30%	13,25%		5%	5,75%		2,5%	CA		
	b, e, i, o	B2.12.	B2.3.	EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.	CAA CMCCT	30%	7,5%		5%				2,5%	CA, TIC	

EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL 4

2ª AVALIACIÓN

Ud. did.	Obx.	Ident. cont.	Ident. crit. aval.	Estándares de aprendizaxe (1)	Comp. clave	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación						Temas transv.	
						Grao mín.. cons.	Peso cualif.	Instrumentos					
								Prob. esc.	Trab. indiv.	Trab. grupo	Cada clase		Rúb. (2)
1	b, c, e, g, n	B1.5. B1.6. B1.7	B1.3.	EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.	CCEC CSIEE	30%	7,5%		5,5%			2%	CA
				EPVAB1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	CCEC CSIEE CAA CD	30%	8,75%		5,75%			3%	CA
	b, c, e, g, n	B1.8. B1.9.	B1.4.	EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.	CSIEE CCEC	30%	16,75 %		5,75%	8%		3%	CL, EOE, CA
6	b, e, i, o	B1.1.	B1.1.	EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.	CCEC	30%	7,5%		5%			2,5 %	CA
	a, d, g, n	B1.2. B1.3. B1.4.	B1.2.	EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión.	CCEC	30%	7,5%		5%			2,5 %	CA
				EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.	CCEC	30%	5,75%			5,75%			CA
				EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.	CCEC	30%	7,5%		5%			2,5 %	CA
	d, f, l, n	B1.10. B1.11.	B1.5.	EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.	CSIEE CCEC	30%	5,75%	5,75%					CL, EOE, CA
EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.				CSIEE CCEC	30%	5,75%	5,75%					CA	



EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL 4

3ª AVALIACIÓN

Ud. did.	Obx.	Ident. cont.	Ident. crit. aval.	Estándares de aprendizaxe (1)	Comp. clave	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transv.			
						Grao mín.. cons.	Peso cualif.	Instrumentos						Obs.		
								Prob. esc.	Trab. indiv.	Trab. grupo	Cada clase	Rúb. (2)				
2	a, c, d, f, h, l	B3.1. B3.2. B3.3. B3.4.	B3.1.	EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual.	CSIEE CCEC	30%	8%			8%				CL, EOE, CA		
				EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.	CCEC	30%	8%			8%				CL, EOE, CA		
	c, e, g, i	B3.5.	B3.2.	EPVAB3.2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.	CSIEE CCEC	30%	8%			8%				CL, EOE, CA		
	b, e, f, i	B3.6. B3.7. B3.8. B3.9. B3.10.	B3.3.	EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.	CSIEE CCEC	30%	8,75%		5,75%				3%		CA	
				EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.	CSIEE CCEC	30%	8%			8%						CL, EOE, CA
				EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.	CSIEE CCEC	30%	8,75%		5,75%					3%		CL, EOE, CA
				EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.	CD CSIEE CCEC	30%	8,75%		5,75%					3%		CA, TIC
				EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.	CSIEE CCEC	30%	8,75%		5,75%					3%		CA, EC
	3	a, h, n, ñ	B4.1.	B4.1.	EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.	CD	30%	4%			4%				CA, TIC	

		B4.2.			CSIEE CCEC									
				EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de gui3n para a secuencia dunha pel3cula.	CSIEE	30%	4,5%		3%				1,5%	CA
e, l, n, o	B4.3. B4.4. B4.5.	B4.2.	EPVAB4.2.1. Ve pel3culas cinematogr3ficas nas que identifica e analiza os planos, as angulaci3ns e os movementos de c3mara.	CD CSIEE CCEC	30%	4%			4%					CA, TIC
			EPVAB4.2.2. Analiza e realiza fotograf3as, tendo en conta criterios est3ticos.	CD CSIEE CCEC	30%	10%		4%			2%	CA, TIC		
			EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as s3as finalidades.	CD CSIEE CCEC	30%	8,5%		3%		4%		1,5%	CA	
a, e, f, g	B4.6. B4.7. B4.8.	B4.3.	EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.	CD CSIEE CCEC	30%	4,5%		3%					1,5%	CA, TIC
			EPVAB4.3.2. Proxecta un dese3o publicitario utilizando os elementos da linguaxe gr3fico-pl3stica.	CD CSIEE CCEC	30%	4,5%		3%				1,5%	CA, TIC	
			EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creaci3n.	CAA CD CSIEE CCEC	30%	6%		4%			2%	CL, EOE, CA, TIC, EMP		
a, c, d, f, h, n, o	B4.9.	B4.4.	EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude cr3tica desde o co3ecemento dos elementos que os compo3en.	CD CSIEE CCEC	30%	4%			4%				CA	

LEDA COMPETENCIAS		LEDA TEMAS TRANSVERSAIS	
CCL	Comunicación lingüística	CL	Compresión lectora
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía	EOE	Expresión oral e escrita
CD	Competencia dixital	CA	Comunicación audiovisual
CAA	Competencia aprender a aprender	TIC	Tecnoloxías da información e a comunicación
CSC	Competencias sociais e cívicas	EMP	Emprendemento
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	EC	Educación cívica
CCEC	Conciencia e expresións culturais	PV	Prevención da violencia
(1) A partir de cada estándar pódese determinar “indicadores de logro” máis precisos que indiquen o nivel de adquisición do mesmo. (O instrumento máis idóneo é a rúbrica)			
(2) As rúbricas soen utilizarse para avaliar as producións do alumnado: traballos de aplicación, sínteses e textos escritos, etc.			

## 7.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA

### 7.1 ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

#### 1. Aspectos xerais:

- Partir da competencia inicial do alumnado
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe
- Potenciar as metodoloxía activas:
  - Combinar traballo individual e cooperativo
  - Aprendizaxe por proxectos
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas
- Uso habitual das TIC
- Papel facilitador do profesor/a

#### 2. Estratexias metodolóxicas:

- Suscitar, na medida do posible, actividades con fins creativos.
- Manter algún elemento ou dato á libre elección do alumno.
- A interacción entre os alumnos, a fin de lograr que uns aprendan doutros, baixo a supervisión do profesorado.
- A secuenciación gradual dos contidos en función do grado de dificultade, partindo sempre dos de menor grado de dificultade e terminando cos que esixen un maior grado de atención e destreza.
- Os contidos deberán ser significativos.
- A retroalimentación do sistema, aspecto sempre a ter en conta para saber que aprenden os alumnos e en que grado fan. Fuxir das clases magistrais, nas que o alumnado se convérte nun mero receptor, e fomentar a participación do alumnado.
- Resolución de problemas
- Estudo de casos (proxectos)
- Simulacións

#### 3. Secuenciación habitual de traballo na aula:

##### Motivación:

- Presentación actividade con mapas, gráficos, textos, fotos, etc.

##### Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado
- Información complementaria para reforzo e apoio
- Información complementaria para afondamento e ampliación

##### Traballo persoal

- Lectura e comprensión de bocexos, croquis e planos acoutados.
- Análise de documentación técnica e obras de arte, deseño industrial, etc
- Resolución de problemas
- Realización de exposicións públicas
- Memorización comprensiva

##### Avaliación:

- Análise de producións: traballos, exercicios, proxectos, (Rúbricas)
- Exposicións orais
- Probas escritas
- Traballos individuais e en grupo
- Observación do traballo na aula

## 7.2 OUTRAS DECISIÓNS METODOLÓXICAS

<p><b>1. Agrupamentos:</b> En 4º ESO, a materia é optativa, e contamos con 24 alumnos/as. Búscase unha grande interacción entre os alumnos/as e tamén co profesor, polo que se sentarán en equipos de 3 persoas e poderán consultarse dúbidas e traballar de forma colaborativa.</p>
<p><b>2. Tempos:</b> As materia de EPVA 4 impártense 3 sesións semanais. O número, aproximado, de sesións por avaliación é de 30, contando cun total de 90.</p>
<p><b>3. Espazos:</b></p> <p><u>Ensinanza presencial</u> As sesións desenvolveranse na aula de plástica, que está dotada de mesas de debuxo e do material necesario para traballar adecuadamente os contidos da materia. Trátase dunha aula de aproximadamente 100 m2, cunha iluminación natural deficiente e moi fría, debido á súa orientación norte. O intercambio de documentos e de tarefas que vaian a ser cualificadas farase na aula. As probas serán presenciais.</p> <p><u>Ensinanza semipresencial</u> No caso de que algún alumno/a, todo un grupo ou mesmo o profesor, tiveran que ausentarse do centro para facer corentena, a actividade docente continuaría a través do entorno EVA Edixgal e do paquete de ferramentas GSuite.</p> <p><u>Ensinanza non presencial</u> No caso de confinamento xeralizado, a docencia continuaría de xeito online. En aplicación dos “horarios espello” do Plan de Continxencia, habería que conectarse, cando menos, nos primeiros 30 minutos de cada sesión co alumnado, a través de videoconferencia, empregando Meet, para manter contacto “directo” co alumnado: brindar explicacións, establecer directrices para as tarefas e atender ás demandas do alumnado. O intercambio de documentos e tarefas realizaríase a través da aplicación EVA Edixgal, e do paquete de ferramentas GSuite: classroom e, ocasionalmente, de Gmail e/ou Drive.</p>
<p><b>4. Materiais:</b> A aula está dotada cos seguintes elementos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- 24 mesas de debuxo de 1,20x0,80 m.</li><li>- 1 pizarra branca de 2,5x1,20m</li><li>- 1 pantalla de proxección</li><li>- 1 canón de proxección</li><li>- 1 ordenador portátil</li><li>- 15 cabaletes</li><li>- 1 tórculo</li><li>- 10 tornetas para modelar</li><li>- 2 piletas con auga corrente</li><li>- 1 pizarra</li><li>- 1 corcho</li><li>- 2 xogos de escadra, cartabón, regras e compás para debuxar na pizarra.</li><li>- 1 almacén que contén material de belas artes e debuxo técnico</li></ul>

Ademais, na aula haberá sempre a disposición do alumnado material funxible: folios, material de debuxo técnico, lápices, lápices de cores, ceras, rotuladores, pegamento, pinceis, témperas, acrílico, etc...

A maiores do material do centro, os alumnos deberán dispoñer de material propio: folios e utensilios de debuxo técnico (escadra, cartabón, regra milimetrada, compás, lápices 2H e 2B, goma, etc.) Ademais necesitarán o libro de texto.

Materiais necesarios no caso de ensinanza semipresencial e/ou non presencial

Os mesmos materiais que no caso da ensinanza presencial e, Ademais, un ordenador con webcam e conexión a internet

**5. Recursos didácticos:**

-Libros de texto do entorno EVA Edixgal:

EPV 1: Edebé, aulaPlaneta e Netex-Smart

EPV 3: Edebé

EPV 4: Edebé

- Banco de contidos EVA Edixgal e propios

- Paquete educativo de aplicacións GSuite: Classroom, Meet, Drive, Gmail, etc

- Diversas páxinas web de debuxo técnico.

- Programas de debuxo asistido por ordenador

## 8.- AVALIACIÓN (Inicial, continua, final e pendentos)

### 8.1 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN INICIAL

#### En que data se realizará?:

A avaliación inicial realizarase ao comezar o curso académico, no mes de setembro, ou ao máis tardar na primeira quincena de outubro.

#### En que consistirá? ( proba tipo test, preguntas e respostas, confección de mapas, gráficas, etc relacionados cos estándares?)

Realizaranse unhas prácticas e probas escritas baseadas nos estándares de aprendizaxe do curso anterior.

#### Como se informará á familia?

A información recabada na avaliación inicial será trasladada ao titor do grupo de referencia, e este, á súa vez, informará a familia cando esta o solicite

#### Cales serán as consecuencias dos resultados?:

Os resultados teránse en conta para comezar o curso con contidos adaptados ao nivel do alumnado, de tal xeito que a aprendizaxe sexa significativa para eles. Tamén servirán para fundamentar o plan de reforzo, se fora de aplicación.

### 8.2 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN CONTINUA E FINAL

#### Con que temporalización se farán as entregas de traballos

Avaliación	EPV 4
1ª Avaliación	Ud. 4
	Ud. 5
2ª Avaliación	Ud. 1
	Ud. 6
3ª Avaliación	Ud. 2
	Ud. 3

#### Como se cualifican os traballos individuais ou colectivos, traballo na libreta, observación. Ponderación, redondeo,...

O proceso, resultado e as exposicións públicas de traballos valoraranse de 0 a 10 puntos.

O traballo na aula tamén se valorará de 0 a 10 puntos, mediante unha táboa de observación diaria.

#### Criterios de cualificación

##### BAREMACIÓN NA AVALIACIÓN

Teranse en conta para realizar a cualificación:

1. Actividades de aula (prácticas) e apuntes: 30% da nota de cada avaliación.

- Os traballos faranse na aula e en horario escolar. Polo tanto, para superar cada avaliación, será necesario entregalos todos.

- Os traballos deberán ser entregados dentro do prazo indicado pola profesora e serán cualificados de 0 a 10 puntos.

- A nota media dos traballos, en cada avaliación, será a media aritmética das cualificacións de todos eles.

- Cando unha actividade sexa presentada de xeito inadecuado ou non se adecúe ó esixido pola profesora poderase repetir, substituíndo a segunda nota á primeira.

2. Proxectos individuais ou en equipo: 50% da nota de cada avaliación.

- En cada avaliación realizarase, cando menos, un proxecto.
- Terase en conta tanto o proceso de traballo (50%) como o resultado obtido (50%)
- O proceso, o resultado e as exposicións públicas de traballos valoraranse de 0 a 10 puntos.
- A nota media dos proxectos realizados será a media aritmética das cualificacións de todos eles.
- O traballo poderase repetir ou ampliar, substituíndo a segunda nota á primeira se é superior.
- Compre indicar que, na cualificación dos traballos, teranse en conta as faltas de ortografía: 0,05 por cada catro faltas de ortografía e 0,05 por cada falta copiada. Aplícase o criterio a partir da quinta falta e non se descuentan máis de dous puntos (20% da nota).

3. Traballo na aula (e actitude de cara á materia): 20% da nota de cada avaliación.

- Puntuarase de cero a dez puntos, e valorarase mediante unha táboa de observación diaria.
- Cada alumno conta con dez puntos de partida, que se verán minguados segundo o seu desempeño nas clases, é dicir, cada día que o profesor considere que a valoración dun deses aspectos é negativa, descontaralle un punto ao alumno/a.
- Valoraranse:
  - a. O rendemento individual ou en grupo do alumno/a.
  - b. Se o alumno/a trae o material necesario para o normal desenvolvemento das clases.
  - c. Se o alumno/a coida o material e as instalacións do centro: se limpa e coida o material de pintura, escultura, gravado..., se deixa o espazo de traballo recollido, ...

NOTA DA AVALIACIÓN = (Nota media prácticas x 0,3) + (Nota media proxectos x 0,5) + (Nota traballo na aula x 0,2).

Na nota final aplicarase a lei do redondeo, xa que a cualificación final do alumnado en XADE non pode incluír decimais (cando o valor da décima é inferior a cinco, redondéase á unidade anterior, e cando o valor da décima é igual ou superior a cinco, redondéase á unidade superior)

#### AVALIACIÓN FINAL

Unha vez rematada a terceira avaliación, farase balance de todo o curso e calcularase a nota global, que será a media aritmética das tres avaliacións. Esta cualificación debe ser comunicada ao alumnado.

A media aritmética calcularase cas notas reais das avaliacións, non do seu redondeo. Posteriormente, para subir a nota final ao XADE, aplicarase na media obtida a lei do redondeo. Así, cando o valor da décima é inferior a cinco, redondéase á unidade anterior, e cando o valor da décima é igual ou superior a cinco, redondéase á unidade superior.

#### **Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?**

A través dunha táboa de observación, o profesor valorará en cada sesión os seguintes aspectos:

- O rendemento individual ou en grupo do alumno/a.
- Se o alumno/a trae o material necesario para o normal desenvolvemento das clases.
- Se o alumno/a coida o material e as instalacións do centro: se limpa e coida o material de pintura, escultura, gravado..., se deixa o espazo de traballo recollido, ...

Cada alumno conta con dez puntos de partida, que se verán mermados segundo o seu desempeño nas clases, é dicir, cada día que o profesor considere que a valoración dun deses aspectos é negativa, descontaralle un punto ao alumno/a.



## **Criterios de recuperación**

A Orde do 27 do 27 de decembro de 2022 modifica o calendario escolar para o presente curso 2022-23. Elimínase a avaliación extraordinaria e a terceira avaliación coincide ca final ordinaria, no que respecta á etapa de ESO. Polo tanto, as actividades de recuperación da materia deberán realizarse con anticipación ao remate da terceira avaliación.

A medida que avanza o curso, os traballos que non estean aprobados poderanse repetir, ou mellorar aínda que se aprobaran. De esta forma permítese unha recuperación paulatina da primeira e a segunda avaliación, e tamén dos primeiros traballos da terceira.

Aínda así, a finais de curso pode haber alumnado que non o aprobado na nota global. Este alumnado terá a oportunidade de recuperar as partes da materia que teña suspensas a través dos seguintes instrumentos de avaliación, segundo a natureza das partes non superadas e o criterio da profesora:

- Repetir aqueles traballos que teña suspensos, sempre que estes non sexan demasiado numerosos e se poidan realizar durante os últimos 15 días do curso. As cualificacións das recuperacións substituirán ás notas orixinais sempre que sexan maiores que estas, e despois volverase a calcular a nota de cada avaliación. Finalmente, cas novas notas, obterase a media aritmética, nota da avaliación ordinaria final.
- Realizar un traballo que englobe coñecementos e habilidades desenvolvidas ao longo de todo o curso, cando se trate dunha recuperación da totalidade da materia. A cualificación deste traballo será a nota da avaliación final.

## **Que criterios segue o centro para a promoción?**

- Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colegiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.
- Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
  - Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
  - Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
  - Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
  - Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.
- O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.
- Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.
- Para a elaboración e o seguimento do plan específico personalizado a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

### 8.3 PROCEDIMENTOS DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES

#### ALUMNADO DE ESO CON MATERIAS PENDENTES

O centro conta con un Plan de Pendentes propio, que ademais é un contrato-programa. A continuación descríbense os seus instrumentos e criterios de avaliación:

## INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE PENDENTES 2021-22

### a) Instrumentos de avaliación

#### 1. Tarefas semanais

- A xestión da entrega, recollida, corrección e avaliación das tarefas farase a través de Classroom:
  1. Os departamentos implicados entregarán as tarefas á coordinadora antes da data marcada no calendario.
  2. A coordinadora subirá as tarefas a Classroom e encargarse de que os alumnos accedan a elas.
  3. Os departamentos accederán a Classroom a partir da data límite de devolución das tarefas para corrixilas e avalialas dentro do prazo sinalado no calendario.
  4. A partir desta data, o alumnado accederá á aula virtual para coñecer a corrección e avaliación da súa tarefa.
- O total de **entregas previstas para todo o curso é de 12**, seguindo o calendario fixado.
- Déixanse libres as semanas de exames das avaliacións ordinarias e mais as de exames específicos de pendentes de xaneiro.
- Para facilitar a coordinación e o seguimento do alumnado, as xefaturas de departamento recibirán un calendario de entregas.
- Correccións: o profesorado corruxirá as tarefas na plataforma Classroom antes das datas fixadas no calendario.

#### 2. Exame/s

- Cada departamento indicará claramente se vai realizar dous exames (**xaneiro e abril**) ou só o oficial (obrigatorio) de abril.
- Os departamentos deberán:
  - Explicar con claridade os contidos de cada exame (en consonancia coas tarefas que se vaian realizando).
  - Establecer con claridade como computa cada exame na cualificación final.
  - Comprobar que o **alumnado entregou como mínimo 4 tarefas das 6 propostas antes de cada un dos exames ou 8 de 12 no caso dos departamentos que só fagan un exame**. Se non cumpriu con este requisito mínimo, perdería o dereito a esta proba.
- **Cando un alumno/a acade unha nota menor que 5 na cualificación global do plan de reforzo, terá dereito a realizar unha proba final na que se examinará de toda a materia.**
- En calquera caso, os exames axustaranse sempre aos contidos mínimos establecidos nas respectivas programacións.

### b) Criterios de cualificación do plan de reforzo:

1. Tarefas: **50% da cualificación global**.
2. Exame/s parciais: **50% da cualificación global**. Cada un dos departamentos que realice dous exames debe especificar o seu sistema de cómputo dentro deste 50%. **Nota mínima do exame necesaria para poder facer media coa nota das tarefas: 3.25.**

### c) Criterios de cualificación da proba final:

- Para o alumnado que **presente un mínimo de oito tarefas** das 12 propostas, **os criterios de cualificación serán os mesmos** que rexen para os exames parciais.
- Para o alumnado que **NON** presente un mínimo de oito tarefas das 12 propostas, **a nota do exame será o 100% da cualificación global**.

### d) Cualificación na avaliación final:

A nota na avaliación final será a máis alta de entre estas dúas:

- A cualificación global do plan de reforzo
- A cualificación da proba final

## 9.- OUTRAS AVALIACIÓNS

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE				
Indicadores de logro	ESCALA			
PROCESO DE ENSINO	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				
PRÁCTICA DOCENTE	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA							
MECANISMO DE REVISIÓN							
<p><b>Con que periodicidade se revisará?:</b> A programación didáctica revisarase unha vez o mes. Os resultados de dita revisión recolleranse nas actas de departamento.</p>							
<p><b>Que medidas se adoptarán en caso de desfase?</b> En caso de desfase refarase a programación de aula, deseñando unidades didácticas que engloben máis contidos e, se fora o caso, eliminando aqueles que afecten a estándares de aprendizaxe que non teñen peso na cualificación.</p>							
Indicadores de logro				ESCALA			
MECANISMO DE AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA				1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?							
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?							
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?							
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?							
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?							
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas							
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?							
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?							
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?							
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?							
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?							
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?							
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?							
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?							
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?							
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?							
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?							
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.							
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación							
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?							
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?							
22- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?							
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?							
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?							
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?							
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?							

27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

**Observacións:**

## 10.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO PRESENTE CURSO	
MEDIDAS ORDINARIAS	
ORGANIZATIVAS	CURRICULARES
<p>Adecuouse a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo?</p> <p>a) Tempos diferenciado, horarios específicos, etc. Non.</p> <p>b) Espazos diferenciados? Non.</p> <p>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados? Non.</p>	<p>Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.?</p> <p>Realízanse traballos de xeito colaborativo</p>
<p>Faise algún desdoblamento de grupos? Non.</p>	<p>Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a? Si.</p>
<p>Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula? Na materia de EPVA non.</p>	<p>Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO? Si, pero non afecta ao noso departamento.</p>
<p>Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a? Si hai varios alumnos que traballan coa PT fora da aula, pero en áreas instrumentais.</p>	<p>Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais (2º ESO)? No centro existe un plan de recuperación de pendentes, que xa se explicou no apartado correspondente desta programación.</p>
<p>Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a? Non se fai ningún reforzo de EPVA.</p>	<p>Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia? Si, mediante tarefas específicas e atención individualizada.</p>
<p>Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia? No noso centro non hai "aula de convivencia".</p>	<p>Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia? Si, se o houbera.</p>
MEDIDAS EXTRAORDINARIAS	
ORGANIZATIVAS	CURRICULARES
<p>Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL?</p>	<p>Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas? Non hai ningunha adaptación curricular para esta materia</p>
<p>Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)?</p>	<p>Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico?</p>

Non é necesario.	Non
Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular( Al. estranxeiro)? Non é necesario.	Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)? Non
Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.? Non.	Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización? Non. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc



## 11.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias e extraescolares que se realizarán serán: saídas, visitas culturais (museos, exposicións,...), participación nas actividades programadas polo centro e outras, sempre de índole cultural.

Estas serán organizadas en coordinación coa Vicedirección do Centro e comunicadas con tempo suficiente a alumnos e pais.

Terase especial coidado en que estas actividades complementarias e extraescolares non supoñan un obstáculo para a consecución dos obxectivos suscitados, senón todo o contrario. Polo tanto, non se programarán actividades complementarias no último mes de cada avaliación, de ser posible.

## 12.- DATOS DO DEPARTAMENTO

MATERÍA	CURSO	GRUPOS	PROFESOR/A
Educación plástica e visual 1	1º ESO	NON BIL	Cueto Iglesias, Marta
Educación plástica e visual 1	1º ESO	BIL	Cueto Iglesias, Marta
Educación plástica e visual 3	3º ESO	A	Cueto Iglesias, Marta
Educación plástica e visual 3	3º ESO	B	Cueto Iglesias, Marta
Educación plástica e visual 4	4º ESO	A/B	Cueto Iglesias, Marta
Debuxo técnico 1	1º BAC	A	Cueto Iglesias, Marta
Debuxo técnico 2	2º BAC	A	Cueto Iglesias, Marta

### 13.- RELACIÓN COA RESOLUCIÓN DO 27/7/2015 (DOG 29)

ÍNDICE MARCADO POLA RESOLUCIÓN 27/7/2015	APARADO DA PROG. NA QUE SE TRATA ESE PUNTO
1. Introducción e contextualización	3
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	4
3. Concreción dos obxectivos para cada curso (de ser o caso)	3
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:	
a) Temporalización	5
b) Grao mínimo de consecución para superar a materia	8
c) Procedementos e instrumentos de avaliación	8
5. Concrecións metodolóxicas que require a materia.	7
6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.	7
7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado	8
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.	9
9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
10. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.	-----
11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.	8
12. Medidas de atención á diversidade	10
13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.	7
14. Actividades complementarias e extraescolares programadas para cada curso	11
15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	9

ÍNDICE

- A. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
- B. Avaliación e cualificación.
- C. Metodoloxía
- D. Información e publicidade.

## A. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL 4	
1ª AVALIACIÓN	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.3. Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da autoavaliación continua do proceso de realización.	EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.
B1.4. Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística.	EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.
B3.1. Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases.	EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual.
	EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.
B3.2. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño.	EPVAB3.2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.
B3.3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais.	EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.
	EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.
	EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.
	EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.
2ª AVALIACIÓN	
B4.1. Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo.	EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.
	EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.
B4.2. Recoñecer os elementos	EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos,

que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades	as angulacións e os movementos de cámara.
	EPVAB.4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.
	EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.
B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes.	EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.
	EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.
B4.4. Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial.	EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.
B2.1. Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico.	EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.
	EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.
	EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.
<b>3ª AVALIACIÓN</b>	
<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>
B2.2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría.	EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.
	EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.
	EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.
	EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.
B1.2. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo.	EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión.
	EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.
	EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.
B1.5. Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuír á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte.	EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.
	EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.

<b>B. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b></p> <p>Todo o alumnado da ESO conta con ordenadores Edixgal, polo que, de ser preciso aplicar a ensinanza no presencial, unicamente sería necesario asegurarse de que todo o alumnado dispoña de conexión a internet.</p> <p>A proporción de alumnado que presenta este problema é moi minoritaria e están identificados dende o inicio de curso. Neste senso, compre dicir que o centro dispón de 13 portátiles con conexión a internet (con modem) para poñer a disposición destes alumnos/as. Ademais, entendemos que, de ser preciso aplicar a ensinanza non presencial, a Consellería de Educación garantirá que todo o alumnado dispoña das ferramentas necesarias para poñela en práctica.</p> <p>Noutra orde de cousas, compre dicir que todo o alumnado da ESO ten acceso á EVA Edixgal e ao paquete de ferramentas GSuite para educación (co dominio @iesmarcodocamballon): Gmail, Drive, Meet, etc. Ademais, todo o alumnado está instruído no uso destas ferramentas dende o inicio de curso.</p> <p>En consecuencia, a docencia desenvolveranse empregando estas ferramentas, e fundamentalmente o EVA Edixgal, que se utilizará para o intercambio de documentación e tarefas. Periódicamente tamén se realizarán videoconferencias a través da aplicación Meet, que permite:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Compartir calquera pantalla en tempo real: vídeos, documentos...</li> <li>- Compartir calquera programa que estea instalado no ordenador. Neste caso, os debuxos realizaranse co programa Autocad.</li> <li>- Debuxar sobre pdf, fotografías, etc.</li> <li>- Empregar unha pizarra en branco.</li> </ul> <p>Ocasionalmente, recurrirase á conta de correo electrónico e Drive.</p> <p><b>Instrumentos:</b></p> <p>Actividades de repaso, reforzo e ampliación.</p>
<b>Cualificación final</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A cualificación de cada avaliación efectuarase sobre un máximo de 10 puntos</li> <li>▪ As avaliacións que se desenvolvan de xeito presencial serán cualificadas segundo o estipulado na programación didáctica da materia.</li> <li>▪ Por outra banda, as avaliacións que se desenvolvan mediante ensino non presencial rexiranse pola seguinte baremación. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Tarefas, 100% nota avaliación = a nota desa avaliación será a media aritmética de todas as tarefas cualificadas</li> <li>▪ As tarefas versarán sobre os estándares de aprendizaxe imprescindibles, recollidos no apartado A deste documento.</li> </ul> </li> <li>▪ <b>Cualificación final (avaliación ordinaria) = media aritmética das tres avaliacións</b></li> </ul>
<b>Proba extraordinaria de xuño</b>	<p>A proba extraordinaria de xuño será, en principio, presencial e versará, exclusivamente, sobre os estándares de aprendizaxe imprescindibles, recollidos no apartado A deste documento.</p> <p>De non poder realizarse de xeito presencial, farase de xeito telemático, empregando as ferramentas EVA Edixgal ou GSuite.</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Non hai alumnado coa materia Educación Plástica e Visual pendente en ningún curso da ESO</p>

<b>C. Metodoloxía</b>	
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- As actividades centraranse nos estándares de aprendizaxe imprescindibles, recollidos no apartado A deste documento.</li> <li>- As actividades poderán desenvolverse de xeito grupal, a través de videoconferencia ou de xeito individual, a través de Classroom</li> </ul>
<b>Metodoloxía</b>	<p>Compre dicir que todo o alumnado da ESO traballa coa plataforma EVA de Edixgal, polo tanto, esta será a canle habitual para realizar o traballo online.</p> <p>Ademais, o centro ten acceso ao paquete de ferramentas GSuite para educación (co dominio @iesmarcodocamballon): Gmail, Drive, Meet, etc. Ademais, todo o alumnado está instruído no uso destas ferramentas dende o inicio de curso.</p> <p>En consecuencia, a docencia desenvolveranse empregando estas ferramentas, e fundamentalmente o EVA Edixgal, que se utilizará para o intercambio de documentación. Periódicamente tamén se realizarán videoconferencias a través da aplicación Meet, que permite:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Compartir calquera pantalla en tempo real: vídeos, documentos...</li> <li>- Compartir calquera programa que estea instalado no ordenador. Neste caso, os debuxos realizaranse co programa Autocad.</li> <li>- Debuxar sobre pdf, fotografías, etc.</li> <li>- Empregar unha pizarra en branco.</li> </ul> <p>Ocasionalmente, recurrirase á conta de correo electrónico e a Drive.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Videoconferencia coa aplicación Meet</p> <p>Intercambio de documentos, recursos educativos e tarefas a través de EVA Edixgal. Paquete de ferramentas e servizos Google asociados á conta G Suite do centro (@iesmarcodocamballon): Gmail, Drive, etc</p>

<b>D. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>A información contida neste documento será trasladada ao alumnado ao principio de curso e ademais será posta a disposición das familias na web do centro..</p>
<b>Publicidade</b>	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro, dentro da sección do Departamento de Debuxo.</p>